

Rocío G-Pedreira, María Josefa Mosteiro García e Verónica Pousada Pardo (eds.). *Guerras e conflitos sociais de onte e de hoxe (literatura e arte)*. 2018. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. 446 pp. DOI <http://dx.doi.org/10.15304/9788416954827>

No ano 2016 tivo lugar en Santiago de Compostela o Congreso Internacional Guerras e Conflitos Sociais de Onte e de Hoxe (Literatura e Arte), onde investigadores de distintas partes do mundo e especialidades daban a coñecer o seu traballo en comunicacións, seminarios e reunións. Algunhas desas contribucións, agora en formato artigo, ofrécense ao público a través da publicación dun novo número da Colección Cadernos do Mediador do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC). A súa edición vén da man de Rocío G-Pedreira, María Josefa Mosteiro García e Verónica Pousada Pardo, quen decidiron manter o título do evento. A publicación é en formato dixital e atópase dispoñible en <http://www.usc.es/libros/index.php/spic/catalog/book/1106>.

Esta publicación comeza cun artigo a modo de introdución asinado por Carmen Franco- Vázquez baixo o título “Conflitos bélicos e sociais: dous temas imprescindibles na educación literaria e artística”. A autora explica a orixe do devandito monográfico e adianta o contido dos 25 artigos, escritos en lingua portuguesa, galega ou castelán dependendo da opción persoal dos autores (dous deles tamén son ofrecidos en inglés). Máis alá de funcionar como unha simple introdución, a investigadora dá conta dos seus coñecementos na temática e profunda con acerto na representación de guerras e conflitos sociais nas obras dirixidas aos máis novos, na importancia dos mediadores e

no coñecemento e interpretación das obras dende os campos da educación literaria e artística. Doutra banda, indícase que as análises de distintas obras realizadas polos investigadores participantes teñen por obxectivo “contribuír a mitigar a imaxe sobredimensionada e frívola que os medios de comunicación actuais ofrecen deles [dos conflitos bélicos e sociais] e que pode chegar a instalar na sociedade unha imaxe máis espectacular ca dramática e mesmo converter eses enfrontamentos e actitudes en modelos a imitar” (p. 10).

A parte fundamental do volume estrutúrase en dúas grandes temáticas: “Conflitos bélicos” e “Conflitos sociais”. A primeira integra un total de 17 artigos e ábrese cun estudo asinado por Fernando Azevedo, Lúcia Barros e Renata Junqueira de Souza, onde se analizan a obra *O Princípio*, de Paula Carballeira e os resultados obtidos despois de traballala nunha sesión con pais e nais de cativos. Esta sesión tiña por obxectivo dotar aos primeiros mediadores de lectura das habilidades para crear contextos que animen e promovan o hábito lector entre os máis novos. Cómpre salientar que se trata dun artigo que vai máis alá da análise teórica da narrativa, ofrecendo ideas e propostas de traballo para mediadores e formadores de mediadores. Na mesma liña, enlazando literatura e educación dun xeito claro, no seguinte artigo analízase a produción literaria arredor da “Guerra do Contestado” e as vías e recursos utilizados para a transmisión do coñecemento sobre o conflito nas escolas de ensino fundamental das cidades implicadas directamente, Porto União SC e União da Vitória PR. Quizais o máis interesante sexa a aproximación a unha parte fundamental da historia do Brasil grazas ao achegamento histórico e teórico co que comeza o artigo, que, ao mesmo tempo, gana moito protagonismo en detrimento do estudo das producións literarias e recursos dos mediadores.

O artigo de Rita Gomes da Silva Basílio remite á aplicación práctica dun proxecto educativo, *MotivArte*, cuxo obxectivo reside en garantir aos alumnos do 1º ciclo do Ensino Básico o acceso gratuíto a unha serie de actividades educativas e formativas, abrindo así o ámbito da educación escolar á participación de entidades extra-escolares para a creación de novas prácticas de aprendizaxe non formal. Neste contexto, propúxoselle a un grupo de escolas de Leiria (Portugal) a aplicación dun proxecto educativo dirixido á aprendizaxe do xadrez, da literatura e das artes empregando como base pedagóxica a obra *A Guerra do Tabuleiro de Xadrez*, de Manuel António Pina. A narración, a partir da idea da vida como xogo e da relación entre o xadrez e a vida como

aprendizaxe para dominar os movementos de cada xogada e para coñecerse a un mesmo, achega o tema da guerra ás crianzas a través dunha lectura profunda e metafórica. Nesta tendencia, Sara Reis da Silva tamén centra o seu artigo nesta obra e no microconto “Contra os canhões”, de Ana Saldanha. Na súa publicación dá conta dunha das posibles figuracións da guerra nas obras dirixidas aos máis novos, representada como un xogo. Segundo a autora, trátase da fundación da ficción “na elaboración de uma outra ficção, ora por via de um voluntário gesto lúdico infantil, ora pelo movimento de outras personagens, assistimos à confabulação de brincadeiras –revestidas, afinal, de profunda seriedade– que reinventam a guerra” (p. 216).

O estudo realizado por Isabelle Gräfin Deyn (dispoñible en castelán e inglés) tamén fai referencia ao poder da literatura no ámbito educativo, identificándoa como “una literatura de memoria y más tarde, de ‘hacer memoria” (p. 164). Centra a súa análise naquelas historias que achegan a Guerra Civil Española ao lectorado contemporáneo. Para manifestar a súa hipótese aplica o concepto de “ecoloxía literaria” desenvolvido polo filólogo alemán Hubert Zapf. Esta baséase en “entender el mundo como un sistema cíclico en continuo diálogo e interacción, donde la literatura actúa como un sensor de las necesidades interiores de una sociedad” (p. 164).

A ilustración pode ser identificada como unha materia esencial nos artigos de Carmen Ferreira Boo e Rebeca Cristina López González. A primeira autora analiza as narrativas visuais presentes en varios álbums ilustrados realizados por Roberto Innocenti para acompañar os textos de Christophe Gallaz (*Rose Blanche*), Ruth Vander Zee (*Erika's Story*) e J. Patrick Lewis (*The House*). A segunda autora, López González, fai unha análise exhaustiva de cada elemento visual de *La Guerra Civil contada a los jóvenes*, con texto de Arturo Pérez-Reverte e ilustrado por Fernando Vicente, onde se destaca o poder da ilustración como elemento amplificador das posibilidades pedagóxicas das obras literarias.

Doutra banda, é ben sabido que a temática dos conflitos bélicos tradicionalmente censurada de maneira recorrente. Neste punto, Cristina Cañameres Torrijos e César Sánchez Ortiz falan da utilización das obras infantís como propaganda, nos casos en que apoian algún dos bandos implicados no conflito, e da censura, cando se opta por silenciar un tema e afastalo destas franxas de idade. Por sorte, este excesivo maniqueísmo da literatura, que sen

dúbida empobrece o valor e calidade das producións, vese remitido co paso do tempo e afiánzase a partir do 1975.

A seguinte autora, Rocío G-Pedreira, explica como os conflitos bélicos transforman a recepción que se fai do álbum ilustrado *The Story of Ferdinand*, que nace aparentemente afastada de propósitos moralizadores ou díscolos para rematar converténdose nun símbolo pacifista e representativo de grupos discriminados. Ademais, a análise dalgúns elementos visuais permite aproximarse á simbiose complementaria que texto e ilustración fan nunha produción pioneira dentro do formato álbum, e que segue vixente ata a actualidade. Agora con máis forza grazas a súa recreación no medio audiovisual e ao tratamento de temáticas en auxe como o maltrato animal.

Os investigadores participantes tamén exploran outros campos de análise, como por exemplo Gloria Bazzocchi. Ela, a propósito da tradución ao italiano que realizou de dúas novelas de Vicente Muñoz Puelles, achega o lector ao campo da tradución, destacando as dificultades que atopan estes profesionais no seu labor. Posteriormente, no grupo de estudos arredor dos conflitos sociais, Barbara Pregelj retoma a temática e fala da tradución ao esloveno de obras infantís e xuvenís como un elemento fundamental do asentamento deste subsistema, posto que se está ante unha literatura pequena que no pasado foi minoritaria.

O estudo de João Luís Ceccantini da narrativa xuvenil *Pra você eu conto* do premiado escritor e médico brasileiro Moacyr Scliar, profunda no modo en que está construída a narrativa, a cal sitúa simultaneamente nos territorios do romance de formación ou *bildungsroman* e a ficción histórica. Retrata así unha das tendencias principais da literatura xuvenil, que conecta moi ben cos intereses e momento evolutivo do lectorado adolescente.

A análise concreta dunha produción centra varios artigos desta primeira sección relativa aos conflitos bélicos. Entre eles, Alba Rozas Arceo fai un interesante estudo dos temas desligados da obra *The Hobbit*, de J. R. R. Tolkien. Faino a partir da reformulación dos elementos constituíntes do mito de Prometeo e realiza un paralelismo entre os conflitos bélicos da ficción fantástica e a Primeira Guerra Mundial. Este artigo destaca por reivindicar o potencial do fantástico ao falar, dende o afastamento, da máis achegada e dura realidade. A fantasía, a través do reflexo particular que fai da realidade,

garda a esencia da existencia humana e pode e debe ter un lugar fundamental na formación literaria dos lectores de todas as idades.

A continuación, a famosa historia biográfica de Sadako Sasaki achégase aos lectores a través dun estudo comparativo das obras de Karl Bruckner e Eleanor Coerr, realizado por Aránzazu Sanz Tejada. Ademais do interese da análise literaria e textual das obras, a investigadora mantén no seu artigo o espírito e a mensaxe esperanzadora transmitida pola pequena Sadako a través do seu intento frustrado de realizar as 1000 grúas de papel.

Tamén atopamos estudos máis panorámicos, como o de José António Gomes sobre os modos de representación de ambas as dúas guerras nas narrativas infantís e xuvenís, ou o artigo sobre a evolución da representación literaria do Holocausto, dende a posguerra ata o comezo do século XXI, realizado por Cláudia Sofia de Sousa Mendes Mota.

Este primeiro bloque, como xa dixemos antes, referido a conflitos bélicos, pecha con dous artigos máis específicos: o de Maria Madalena Marcos e Carlos Teixeira da Silva, que falan de modos de representación dunha temática tan complicada como é a guerra na literatura dirixida ás crianzas. Non obstante, focalizan o seu estudo na análise do libro de Eugénia Neto *E nas Florestas os Bichos Falaram*, e destácase a idea da guerra pola paz como a única alternativa xusta. Así mesmo, Ana Cristina Vasconcelos de Macedo escribe un estudo sobre Ilse Losa como testemuña da Segunda Guerra Mundial. Fala da maneira na que a súa propia experiencia toma forma na ficción literaria, destacando a importancia destas producións “para uma efetiva reconciliação do homem consigo próprio, com os outros e com o mundo, olhando para o passado e evitando-se a repetição dos erros” (p. 298).

O segundo conxunto de artigos relativos aos conflitos sociais comeza proponendo unha viaxe literaria ata África da man de Fernando Azevedo e Pedro Albuquerque. Esta viaxe farase a través das narrativas infantoxuvenís de Pepetela, Ondjaki e Manuel Rui. Estes investigadores dan conta da evolución dunha literatura relativamente recente, que continúa camiño afastándose da liña de temática bélica iniciadora, falando agora de opcións políticas, do presente e do futuro. Trátase doutra aproximación histórico-literaria complexa e enriquecedora, que nos axuda a “viaxar” ata lugares afastados e permiten o desenvolvemento da empatía e da solidariedade.

Ao igual que aconteceu co primeiro grupo, desta volta atopamos estudos mais panorámicos e outros específicos, que versan sobre un autor ou unha obra. Do primeiro grupo destaca o artigo de Isabel Mociño González que, antes de centrarse na representación dos conflitos sociais en concreto, achega unha breve e interesante aproximación teórica ao status e características específicas da literatura xuvenil e, en concreto, da galega. Ademais, tamén dá conta do volume de publicacións e do avance dende o tratamento de problemas sociais ata dramas individuais. O estudo de Mociño complementase á perfección coa proposta de Karina de Oliveira. Relata un estudo comparativo dos procesos de formación dos subsistemas literarios xuvenís brasileiro e galego, que presentan na súa constitución moitas semellanzas, como queda patente a través da análise dunha obra xuvenil do escritor brasileiro Caio Riter e outra da galega An Alfaya.

A literatura galega segue no punto de mira co artigo de Mar Fernández Vázquez sobre as posibilidades da produción infantil e xuvenil de Marcos Calveiro para a resolución de conflitos contemporáneos. Establece unha clasificación de tres posibles categorías tipolóxicas: exclusión dos diferentes, degradación humana do medio e loita polo poder. En efecto, a elección deste autor non podía ser máis acertada nun monográfico destas características pola atención que lles presta a estes conflitos na súa proposta literaria.

Giulia Maltese centra o seu estudo na literatura de Gonzalo Moure, co obxectivo de axudar a construír os alicerces do compromiso e a loita contra o exilio saharai, destacando o papel que deben xogar estas producións no desenvolvemento da tan necesitada conciencia intercultural.

Bótase agora a vista atrás para falar das obras —amplamente coñecidas— de dous autores cuxos nomes soan con forza aínda na actualidade. Por unha parte, Fernando Azevedo e Jorge Martins analizan a obra *Quando Hitler roubou o coelho cor-de-rosa*, de Judith Kerr. Focalizan a súa análise nos movementos migratorios con fundamento verídico que levaron á propia autora, de orixe xudía, dende Alemania ata Inglaterra, nunha viaxe de loita pola supervivencia. Por último, Verónica Pousada Pardo fala do conflito da identidade que sofre o león Lafcadio, personaxe creado por Shel Silverstein, que, a través dunha historia aparentemente *naif*, reflexiona sobre temáticas complexas como a morte, a guerra ou a violencia.

En definitiva, é incuestionable a actualidade desta temática e a necesidade de seguir achegando estudos e traballos que permitan deixar atrás de maneira definitiva a censura de obras. O achegamento a materias *taboo* nas producións dirixidas ao lectorado máis novo fan desta obra un recurso proveitoso e axeitado para mediadores, estudosos e interesados. Os conflitos bélicos e sociais seguen dando problemas, causando mortes e inxustizas arredor do mundo. Algunhas veces afastados da realidade próxima do lectorado, pero non por iso desachegados da súa identidade como persoas, os temas que aquí foron traballados deben ter cabida e sentido na formación literaria dos máis novos, axudando á creación da súa conciencia crítica e fomentando a empatía nas crianzas.

*María Vidal-Franco*

Universidad de Salamanca